


Autor: **STÉPHANE POULIN**
 Prólogo: **JEAN FUGÈRE**
 Tradución ao galego: **RAMÓN NICOLÁS**

Encadernado en cartonné. 23x28 cm.
 80 páxinas a toda cor
 Disponible en:

-Galego: "Bestiario"
 ISBN 84-8464-547-9

-Castelán: "Bestiario"
 ISBN 84-9346-415-5

Prezo: 20 €



BESTIARIO


Nestes animais intemporais, mesmo entre os máis descoñecidos, como os caracois, atopo a nosa alma, a nosa época, os nosos defectos humanos, todo o que argallamos para pasar pola vida.

- **Temática:** arte
- **Idade recomendada:** público xuvenil
- **Aplicacións:** coñecer a obra de grandes pintores e xogar a darlles unha nova visión dende un punto de vista surrealista e creativo

"Bestiario" é a audacia, a imaxinación e a calidade artístico-literaria plasmadas nun libro. As ilustracións de Stéphane Poulin forman un binomio perfecto co prólogo de Jean Fugère, que realiza un exercicio literario reboante de destreza.

Trátase dun texto introspectivo, cheo de surrealismo, que afonda no máis íntimo da alma. Utiliza unha linguaxe desinhibida e evocadora, que xoga co dobre sentido. A palabra máxica, "noctamgullar", é o abracadabra a un mundo repleto de referencias á arte de Magritte, Hopper ou Van Gogh.

As páxinas de "Bestiario" conteñen seres dotados de riscos psicolóxicos e físicos imposibles, animais humanizados como o can criado ou o pingüín pintor. Poulin ilustra comportamentos levados ao extremo, como o bolero que bailan touro e toureiro, ou estampas oníricas como a do cazador de patos nun prato de sopa, a do rato xigante correndo nunha nora de feira...



Entre os detalles máis chamativos, a súa homenaxe a obras de Magritte e Saint-Exupéry, das que fai unha curiosa fusión: nen a pipa nen o sombreiro do Principiño resultan ser a suma do que son.

Destaca tamén a versión de "Nighthawks" (1942), unha das obras máis coñecidas de Edward Hopper, pintor por excelencia do realismo americano na década de 1920.

STÉPHANE POULIN (Quebec, 1961)

Formouse artisticamente na Universidade Ahuntsic de Montreal e o seu estilo chama a atención polo colorido e luminosidade das súas obras, a base de cores primarias como azul, vermello e marelo. O seu selo como artista consiste en capturar momentos cotiás e alterarllos cun toque de ficción. Recibiu, entre outros galardóns, o premio de literatura infantil do Consello de Canadá e figura na lista de honra IBBY.

JEAN FUGÈRE (Quebec)

Graduado na Escola Nacional de Teatro de Canadá. Dende 1980 traballa en programas de radio e televisión en Toronto e Montreal. En Canadá é un dos críticos literarios máis coñecidos. O Consello Superior da Lingua Francesa concedeulle o Premio Raymond Charrette.

